



Escola Internacional de Doutoramento (Eido)


Proceso

Formación dos/as investigadores/as

Procedemento

Ensinanza, aprendizaxe e avaliación

Código FI01 Índice 01



Histórico de evolucións

Índice	Data	Elaboración	Principais modificacións e motivo
01	14.05.2025	Dirección da Eido Área de Calidade	Actualización do procedemento por causa de - Informe de avaliación do deseño de ACSUG 2019: revisión do órgano responsable do proceso (agora Dirección da Eido) e inclusión da fase de análise e mellora. - Proxecto de mellora do SGC 2021-2024: cambios na finalidade do proceso e no diagrama de fluxo (Simplificación da fase de xestión do documento de actividades do doutorando) - Posta ao día lexislativa e normativa: Adaptación aos cambios normativos (Plan de formación persoal, prazos para elaborar a tese, informes de expertos externos, prórrogas) - Adaptación ás <i>Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento (REACU, 2023)</i> - Indicadores do proceso: - Inclúense dous novos indicadores (IPD21 Taxa de graduación e IPD22 Taxa de abandono) e desagregase o IPD18.1 Teses defendidas, nas temáticas dos 17 ODS - Remóvense deste proceso o IPD11 Estudantes con axuda económica (pasa ao proceso de Xestión da Infraestrutura), IPD13 Estudantes por liña (pasa a Xestión Académica), IPD14 Teses en co-dirección e IPD17 Expertos internacionais nos tribunais (pasan a Xestión das Persoas) - Modificación na denominación: pasa a chamarse <i>Ensinanza, aprendizaxe e avaliación</i>. - Anexos: inclúense os modelos de Compromiso documental de supervisión, Asignación do director, Solicitud de baixa definitiva nun PD, Informe externo de avaliación da tese, e Baixa do proxecto de tese. Elimínase o modelo de Solicitud de admisión a trámite da tese (TC24). - Rexistros: redúcense a un só (realización de actividades formativas), quedando o resto a dispor na aplicación de xestión académica (Xescampus/Sigma)
00	20.11.2018	Presidente do Comité de Dirección da Eido	Creación do procedemento FI-01, Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as, no marco do programa de SGC (Fides-Audit) de doutoramento da Universidade de Vigo.

VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Comisión de Calidade da Eido	Comité de Dirección da Eido
27.06.2025	20.11.2025

Índice

I OBXECTO	4
II ALCANCE	4
III REFERENCIAS	4
IV DESENVOLVEMENTO	6
V ANEXOS	14

I OBXECTO

Definir a [metodoloxía](#) para formar os/as investigadores/as e avaliar o seu progreso académico.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ao ciclo de doutoramento da Universidade de Vigo, isto é, á Eido e todos os seus programas de doutoramento adscritos, así como aos servizos asociados.

De xeito específico, esténdese ás actividades de aprendizaxe e formación investigadora dos doutorandos/as. Inclúe tamén as actividades de orientación académica proporcionadas polos titores/as e direccións de teses.

En particular, cando os programas sexan [conxuntos](#) (interuniversitarios) terase en conta os aspectos [particulares](#) establecidos no convenio de colaboración.

Nota 1: a orientación académica de carácter xeral, a administrativa, a de extensión universitaria e a profesional trátanse no [proceso de Xestión académica](#).

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación, normativa e estándares de calidade de referencia que afecta a este proceso poden atoparse na ficha do proceso.

A lexislación e normativa xeral que afecta ao SGC da Eido está descrita no Manual de Calidade.

III.2. Definicións


- R1 : Persoal investigador predoutoral (fase inicial da carreira investigadora)
Estudantes matriculados nun programa de doutoramento que realizan investigación baixo supervisión.
(Carta Europea do Persoal Investigador, Comisión Europea - Recomendación do Consello de 18.12.2023)

III.3. Abreviaturas e siglas


- ACSUG : Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- CAPD : comisión académica do programa de doutoramento
- CDS : compromiso documental de supervisión
- PD : programa de doutoramento
- SGC : Sistema de Garantía de Calidade
- SVE : secretaría virtual do estudante
- UAP : Unidade de Análises e Programas


IV DESENVOLVEMENTO


IV.1. Diagrama de fluxo





A) COMPROMISO DE SUPERVISIÓN E ASIGNACIÓN DA DIRECCIÓN DA TESE (segue)















G) ANÁLISE E MELLORA



Comentarios

- **Baixa do proxecto de tese:**

Recoméndase empregar o Anexo 5, Baixa do proxecto de tese, para formalizar a solicitude da baixa voluntaria do/a doutorando/a do proxecto de tese.

ANEXOS

Anexo 1: Compromiso documental de supervisión, CDS (DO-11)

Anexo 2: Asignación do/a director/a (DO-12)

Anexo 3: Solicitude de baixa definitiva nun programa de doutoramento (DO-14))

Anexo 4: Informe externo de avaliación da tese doutoral (DO-31)

Anexo 5: Solicitude de baixa do proxecto de tese (DO-13))

Rexistros

Código	Identificación do rexistro	Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano / posto)	Duración
	Denominación				
R1 - FI01 (EPD4 ACSUG)	Evidencias da realización de actividades formativas e sistemas de control realizados, conforme a planificación establecida	Electrónico	Repositorio informático	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao	Vixencia do PD (6 anos mínimo)

Os rexistros de carácter académico, asociados ao expediente individual de cada doutorando/a (compromiso de supervisión, asignación do director/a, plan de investigación e formación, documento de actividades, informes de avaliación anual, solicitude de baixa do PD) están dispoñibles na aplicación(s) de xestión académica.

COMPROMISO DOCUMENTAL DE SUPERVISIÓN

DOCTORANDO/A			
APELIDOS			
NOME		Enderezo electrónico	
Tipo de identificación		Número de identificación	

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO E CURSO ACADÉMICO			
Nome do programa		Curso académico	

DIRECCIÓN DA TESE			
(1)	APELIDOS		
	NOME		Enderezo electrónico
(2)	APELIDOS		
	NOME		Enderezo electrónico

TITORÍA DA TESE			
APELIDOS			
NOME		Enderezo electrónico	

I. Obxecto

O presente documento constitúe un compromiso asumido pola Universidade de Vigo, o doutorando/a, o seu titor/a e o(s) seu(s) director(es)/a(s), e o coordinador/a na Universidade de Vigo do programa de doutoramento, polo que se establecen as funcións de supervisión das tarefas conducentes á realización da tese de doutoramento. Para os efectos do presente documento, a Universidade de Vigo está representada polo/a director/a da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da Universidade de Vigo.

II. Compromiso de colaboración mutua

Para tal efecto, o doutorando/a, o titor/a, o(s) director(es)/a(s) da tese, o coordinador/a na Universidade de Vigo do programa de doutoramento e o/a director/a da EIDO comprométense, no ámbito das funcións que corresponden a cada un deles, a establecer as condicións de colaboración que permitan a presentación do proxecto de tese, a súa posterior elaboración e, finalmente, a súa defensa, conforme aos procedementos e os prazos establecidos na normativa aplicable.

As persoas asinantes deste compromiso declaran coñecer a normativa xeral vixente reguladora dos estudos de doutoramento ([RD 99/2011](#)) e o [Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo](#), aprobado polo Consello de Goberno o 20 de xuño de 2024, así como o [Regulamento de Réxime Interno da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo](#) aprobado polo Consello de Goberno de 14 de outubro de 2014 e aceptan que as disposicións

recollidas nestas normativas sexan o marco para a formación transversal e específica dos estudos de doutoramento encamiñada á elaboración, tramitación e defensa da tese de doutoramento e a obtención por parte do doutorando/a do título de doutor/a pola Universidade de Vigo.

III. Plan de investigación e plan de formación

Antes de seis meses, que se contarán desde a data da matrícula, o/a doutorando/a elaborará un plan de investigación que incluírá unha introdución, a metodoloxía empregada e os obxectivos que se han de alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo. O plan presentárase e avalárase co informe do/a director/a e do/a titor/a, ademais de aprobalo a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD). Este plan poderase mellorar e detallar no proceso de avaliación anual contando co aval do titor/a e do director/a. No mesmo período deberá presentarse o plan de formación.

O plan de formación conterá unha previsión das distintas actividades formativas que se desenvolverán durante a tese de doutoramento para complementar a formación académica, en termos de coñecemento, competencias e habilidades, tanto transversais coma específicas, e a formación investigadora. Como mínimo, o plan de formación deberá conter aquelas actividades de formación de carácter obrigatorio establecidas por parte do programa de doutoramento na súa memoria. Os plans deberán ser aprobados pola CAPD, previo informe do perfil autorizado, quen deberá informar ás demais persoas directoras e/ou titoras, segundo corresponda.

O plan de investigación e o plan de formación deberán incluírse como anexo a este documento, unha vez aprobado pola CAPD. Neste plan de investigación incluírase tamén o título, a data de presentación e a data da sesión da reunión da CAPD no que foi aprobado.

IV. Obrigas do doutorando/a

1. O doutorando/a comprométese a desenvolver as actividades formativas programadas nos estudos de doutoramento, a rexistralas no documento de actividades, a desenvolver os plans de investigación e formación baixo o seguimento e supervisión do titor/a e/ou director(es)/a(s) da tese e, seguindo a normativa aplicable, a asumir as obrigas derivadas do presente compromiso que, a título só enunciativo, se concretan en:

- Seguir as indicacións e as recomendacións do seu titor/a e/ou director(es)/a(s) de tese en relación coas actividades formativas programadas ou non no doutoramento.
- Informar regularmente ao titor/a e/ou director(es)/a(s) de tese da realización de tales actividades e da evolución do traballo de investigación, dos resultados obtidos, e dos problemas que se lle poidan formular no seu desenvolvemento.
- Presentar nos prazos establecidos pola CAPD os plans de investigación e formación e o documento de actividades, para someterse á avaliación da actividade realizada no prazo previsto pola normativa.
- Dedicar á realización do programa de doutoramento, incluída a tese, o equivalente a 35 h/semana de dedicación a tempo completo ou de 21 h/semana de dedicación a tempo parcial.

2. Así mesmo o doutorando/a deberá realizar e superar, entre as actividades formativas descritas na memoria de verificación do programa de doutoramento, aquelas que lle encomende o titor/a e/ou director(es)/a(s) da tese coa aprobación da CAPD.

V. Obrigas do tutor/a

O tutor/a velará pola boa e fluída interacción do doutorando/a coa CAPD, facilitándolle a orientación e o asesoramento necesarios. Anualmente emitirá os informes de valoración/seguimento sobre o documento de actividades e os plan de investigación e formación, e entregarallos á CAPD.

VI. Obrigas do(s) director(es)/a(s) da tese

A dirección da tese comprométese á supervisión e ao seguimento continuo da actividade investigadora do doutorando/a e responsabilízase da coherencia e idoneidade das actividades de formación. A dirección da tese comprométese na orientación e no asesoramento do/a estudante, fomentando a súa iniciativa co obxectivo de que alcance autonomía na tarefa investigadora, e asegurará a realización dunha tese de calidade.

Anualmente, a dirección da tese emitirá os informes de valoración/seguimento sobre o documento de actividades e os plans de investigación e formación, e entregarallos á CAPD.

VII. Obrigas da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)

Avaliar anualmente o documento de actividades e o plan de investigación de cada doutorando/a, tendo en conta os informes do tutor/a e/ou director(es)/a(s) da tese.

VIII. Disponibilidade de medios

O doutorando/a disporá dos medios físicos e instrumentais e dos servizos necesarios para realizar o traballo da súa tese de doutoramento, que serán asignados polo director/a da tese e autorizados polo director/a do centro de traballo, de acordo coas normas e restricións ao respecto reguladas na Universidade de Vigo.

No caso de que exista colaboración cun centro de investigación ou universidade que implique o uso de medios para realizar a tese, a disponibilidad dos medios estará supeditada ao cumprimento das normas e restricións ao respecto propias do centro ou universidade ou, no seu caso, ás establecidas no convenio específico de colaboración asinado.

IX. Data límite da presentación da solicitude de depósito da tese

A data límite para a presentación da solicitude de depósito da tese establecerase de acordo co artigo 26 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo sobre a duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial, e coa dedicación recoñecida e autorizada pola CAPD.

A modificación desta data poderá realizarse de acordo cos casos previstos no capítulo 7 sobre duración dos estudos de doutoramento do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo, condicionada á aprobación por parte do Comité de Dirección da EIDO.

X. Avaliación

1. Antes da finalización do primeiro ano desde a súa matrícula no programa, o doutorando/a someterá os plans de investigación e formación á avaliación da CAPD.

2. Anualmente, nas datas propostas pola CAPD, o doutorando/a someterá a avaliación os plans de investigación e formación e o documento de actividades. A CAPD utilizará nesta avaliación os informes que para tal efecto deben emitir o tutor/a e/ou director(es)/a(s).

3. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. No caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o doutorando/a deberá ser de novo avaliado no prazo de seis meses, para cuxo efecto elaborará un novo plan de investigación. No suposto de producirse unha nova avaliación negativa, o doutorando/a causará baixa definitiva no programa.

4. Á conclusión do prazo límite establecido no apartado anterior, o doutorando/a deberá realizar o depósito do traballo de tese de doutoramento.

5. Finalizado o prazo sen que se sometese o traballo á valoración da CAPD nin se solicitase a admisión a trámite para a súa defensa, ou se a valoración non obtivese resultado positivo, o compromiso da tese perderá a súa vixencia e o doutorando/a causará baixa no programa.

XI. Confidencialidade

O doutorando/a comprométese a manter en secreto os datos de carácter confidencial que o(s) director(es)/a(s) da tese, o titor/a ou calquera outro membro do equipo investigador no que estea integrado lle proporcionen, así como a empregar a información obtida exclusivamente na realización da tese de doutoramento.

O doutorando/a comprométese a non revelar nin transferir a terceiros, nin sequera nos casos de cambio na dirección da tese, información sobre o traballo ou materiais produto da investigación, propia ou do grupo, na que participara, sen obter unha autorización correspondente da anterior dirección de tese, de maneira expresa e por escrito.

No caso de que exista unha colaboración cun centro de investigación ou universidade, o protocolo de tratamento dos datos de carácter confidencial quedará establecido, no seu caso, no convenio específico de colaboración asinado.

XII. Propiedade intelectual e industrial

O doutorando/a asume que, se durante o desenvolvemento do traballo de investigación se obtivese algún resultado susceptible de protexer mediante algún dos títulos que reconece a lei, a titularidade dos dereitos de propiedade industrial, así como os dereitos de carácter patrimonial que integran a propiedade intelectual, pertenza única e exclusivamente á Universidade de Vigo, sen prexuízo do disposto na lexislación e normativa propia da Universidade de Vigo en vigor con respecto aos dereitos morais de autoría e á participación dos autores/as e colaboradores/as nos beneficios derivados da explotación económica dos dereitos de propiedade intelectual e industrial.

No caso de que exista unha colaboración con entidades públicas ou privadas a titularidade dos dereitos de propiedade industrial, así como os dereitos de carácter patrimonial que integran a propiedade intelectual, quedará establecida, no seu caso, no convenio específico de colaboración asinado. Neste caso, a Universidade de Vigo poderá reconecer os citados dereitos de titularidade a entidades públicas e privadas colaboradoras en función das achegas destas ao desenvolvemento do traballo de investigación.

XIII. Consulta e arquivo da tese de doutoramento

Unha vez superada a defensa da tese de doutoramento, esta será arquivada no repositorio institucional de acceso aberto da Universidade de Vigo (Investigo). Para isto, a Sección de Posgrao e Formación Continua incorporará unha copia da tese de doutoramento en formato electrónico ao repositorio institucional.

O autor ou autora da tese autorizará o arquivo e difusión desta mediante a sinatura dunha licenza de distribución non exclusiva, consonte o establecido na política institucional de acceso aberto á produción científica da Universidade de Vigo, aprobada polo Consello de Goberno o 7 de maio de 2013. Ao outorgar esta licenza, as autoras ou autores dos documentos manteñen no seu poder os dereitos de autoría e poden, polo tanto, usar o traballo depositado na forma en que estime oportuno.

No caso de que o doutorando/a e/ou o/s director(es)/a(s) da tese non autorice(n) o depósito e o arquivo do texto completo da tese no repositorio, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá(n) solicitalo previamente ante o Comité de Dirección da EIDO, que resolverá en cada caso. En todo caso, os metadatos descritivos da tese incorporaranse ao repositorio institucional, en cumprimento do establecido no artigo 14.5 do Real Decreto 99/2011, polo que se regulan as ensinanza oficial de doutoramento.

XIV. Ausencia de causas de abstención

O titor/a e o(s) director(es)/a(s) asinante(s) declaran que non incorren nos motivos de abstención recollidos nos artigos 9 e 10 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo, ao non ter un vínculo matrimonial ou unha situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa doutoranda.

XV. Resolución de conflitos.

As dúbidas ou controversias que xurdan en relación cos axentes implicados no desenvolvemento do programa de doutoramento serán levadas polas persoas interesadas en primeiro termo ante a CAPD.

No caso de que as controversias conclúan nun conflito, a súa resolución corresponderalle ao órgano designado pola EIDO. O acordo será comunicado por resolución do director/a ou presidente/a do órgano ás partes afectadas. As persoas lexitimadas poderán presentar un recurso de alzada contra esta resolución perante o reitor/a da universidade ou persoa en quen delegue.

XVI. Vixencia.

Este documento ten efecto dende a data da súa sinatura ata a defensa da tese de doutoramento. Quedará sen efecto no caso de incumprimento dalgunha das cláusulas previstas ou da normativa reguladora dos estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

XVII. Disposición final.

Este compromiso documental de supervisión, no momento da súa sinatura por todas as persoas implicadas, incorporárase ao documento de actividades do doutorando/a.

SINATURAS

En proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente o presente documento

(NOTA: As sinaturas non dixitais deben achegarse como documentos separados ao asinado dixitalmente)

Data:

Sinatura: O doutorando/a

Sinatura: O director/a (1)

Sinatura: O director/a (2)

Sinatura: O titor/a

Sinatura: O coordinador/a do programa de doutoramento

ASIGNACIÓN DE DIRECTOR/A

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) en

acordou na súa reunión con data

ASIGNAR

ao seguinte alumnado os directores/as de tese que se indican no curso académico:

DOUTORANDO/A		DIRECTOR/A
DNI/Pasaporte/ID	APELIDOS, NOME	APELIDOS, NOME

DOUTORANDO/A		DIRECTOR/A
DNI/Pasaporte/ID	APELIDOS, NOME	APELIDOS, NOME

Sinatura: O coordinador/a do programa de doutoramento

**SOLICITUDE DE BAIXA DEFINITIVA DUN ALUMNO/A NUN PROGRAMA
DE DOUTORAMENTO**

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO (PD)				
NOME				
DIRECCIÓN DA TESE				
(1)	APELIDOS			
	NOME		Enderezo electrónico	
(2)	APELIDOS			
	NOME		Enderezo electrónico	
Proponse a baixa definitiva no Programa de Doutoramento do DOUTORANDO/A:				
APELIDOS				
NOME			Enderezo electrónico	
Tipo del identificación			Número del identificación	
Xustificación da baixa				

Data:

Sinatura: O director/a (1)

Sinatura: O director/a (2)

PARA CUBRIR POLA CAPD

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento en

AUTORIZA a presente solicitude de baixa definitiva.

Data:

Sinatura: O/A coordinador/a do programa de doutoramento

DOCTORAL THESIS EVALUATION REPORT

AUTHOR			
SURNAME		NAME	
TITLE OF THE THESIS			

EVALUATOR			
SURNAME		NAME	
		Identity card/Passport	
University/Institution			Country

ASSESSMENT OF THE REPORT

Please assess whether the following four aspects of the thesis report are adequately fulfilled by marking YES or NO as appropriate. If any aspect is marked NO, a reasoned and detailed explanation should be added in the space on the following page.

	YES	NO
1. Scientific, technical, legal-social, humanistic, or artistic quality, depending on the matter. The following aspects should be evaluated: - The relevance of the object of study, the problems addressed, or the proposed activities to advance knowledge and understanding within the field. - The expected results and their contribution to scientific knowledge, determining whether the thesis objectives and hypotheses are coherent and allow the expected results to be achieved.		
2. Novelty and originality. The following aspects should be evaluated: - The relevance and originality of the thesis in terms of the state of the art in its academic field. It should be assessed whether the thesis contains modifications to existing processes, proposes new hypothesis, concepts, methods, objectives, or innovative solutions to the problem posed. - Whether the thesis presents a summary of the general context (national and international) in which the topic or hypothesis is located, assessing how it examines the current state of knowledge of the problem, highlights existing weak points, and identifies the gap that the thesis aims to cover.		
3. Methodology and results. The following aspects should be evaluated: - The organisation of the thesis in relation to its proposed objectives and the resources used to achieve them (timeframe, methodology, and resources used). - The scope of the results obtained and their coherence with the objectives and/or hypotheses set out.		
4. Structure, format, and writing. The following aspects should be evaluated: - The correctness of spelling, clarity, and the quality of the language used. - The use of precise technical terminology. - The appropriate use of bibliography that is both relevant and up to date. - The appropriate application of the scientific method (if applicable). - The quality of tables and figures used.		

RECOMMENDATION ON THE DEFENCE OF THE DOCTORAL THESIS

Favourable report to proceed to public defence

Favourable report to proceed to public defence, conditional upon the candidate making the modifications indicated below

Unfavourable report to proceed to public defence. The work requires the substantial modifications indicated below

SPECIFIC COMMENTS AND RECOMMENDATIONS (*)

In the case of a conditional favourable report, specify the necessary corrections, with an indication of the deadline set for the doctoral candidate to present the allegations and/or modifications requested, which may not exceed three months.

(*) If space is insufficient, please attach your comments as an annex document.

Date:

Evaluator's signature:

Approved by the doctoral programme coordinator

INFORME DE EVALUACIÓN DE LA TESIS DOCTORAL

DOCTORANDO/A			
APELLIDOS		NOMBRE	
TÍTULO DE LA TESIS			

EVALUADOR/A			
APELLIDOS		NOMBRE	
Universidad/Institución		DNI/Pasaporte/ID	
		País	

VALORACIÓN DE LA MEMORIA

Por favor, valore si se cumplen adecuadamente los siguientes cuatro aspectos de la memoria de tesis, marcando SI o NO según proceda. **En caso de que en alguno de ellos se indique NO**, se añadirá una explicación razonada y detallada en el espacio proporcionado en la siguiente página.

SÍ NO

1. Calidad científica, técnica, jurídica-social, humanística o artística, según su temática. Se valorará:

- La relevancia del objeto de estudio, los problemas planteados o las actividades propuestas para avanzar en el conocimiento y la comprensión dentro su campo.
- Los resultados esperados y su contribución al conocimiento científico, determinando si los objetivos e hipótesis de la tesis son coherentes y permiten alcanzar los resultados esperados.

2. Novedad y originalidad. Se valorará:

- La relevancia y originalidad de la tesis en función del estado del arte de su área de conocimiento. Se evaluará si existen en la tesis modificaciones de procesos existentes, una hipótesis, concepto o método, objetivo o soluciones innovadoras al problema planteado.
- Si la tesis presenta una síntesis del contexto general (nacional e internacional) en el cual se ubica el tema o hipótesis, valórese la exposición del estado actual del conocimiento del problema, de los puntos débiles que existen y del vacío que se quiere cubrir con la tesis.

3. Metodología y resultados. Se valorará:

- La organización de la tesis en términos de los objetivos propuestos y los recursos para ejecutarlos (duración, metodología y recursos utilizados).
- El alcance de los resultados obtenidos y su coherencia con los objetivos y/o hipótesis planteadas.

4. Estructura, formato y redacción. Se valorará:

- La corrección ortográfica, claridad y calidad del lenguaje utilizado.
- El uso de vocabulario técnico preciso.
- El uso adecuado de la bibliografía, así como uso de bibliografía relevante y actualizada.
- La utilización adecuada del método científico (si es el caso).
- La calidad de las tablas y figuras utilizadas.

RECOMENDACIÓN SOBRE LA DEFENSA DE LA TESIS DOCTORAL

Informe favorable a la defensa pública

Informe favorable a la defensa pública, condicionado a que el/la candidato/a realice las modificaciones indicadas en el informe a continuación

Informe desfavorable a la defensa pública. El trabajo requiere las modificaciones sustanciales indicadas en el informe a continuación

COMENTARIOS ESPECÍFICOS Y RECOMENDACIONES (*)

En el caso de informe favorable condicionado, especifíquense las correcciones necesarias, con indicación del plazo fijado a la persona doctoranda para la presentación de las alegaciones y/o modificaciones solicitadas, que no podrá exceder los tres meses.

(*) Si el espacio es insuficiente, por favor adjunte sus comentarios como documento anexo.

Fecha:

Firma: El/La evaluador/a

Vº Bº El/La Coordinador/a del Programa de Doctorado

INFORME DE AVALIACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO

DOUTORANDO/A			
APELIDOS		NOME	
TÍTULO DA TESE			

AVALIADOR/A			
APELIDOS		NOME	
Universidade/Institución		País	

VALORACIÓN DA MEMORIA

Por favor, valore se se cumpren adecuadamente os seguintes catro aspectos da memoria de tese, marcando SI ou NON segundo proceda. **No caso de que nalgún deles indíquese NON**, engadirase unha explicación razoada e detallada no espazo proporcionado na seguinte páxina.

SI	NON
----	-----

1. Calidade científica, técnica, xurídica-social, humanística ou artística, segundo a súa temática. Valorarase:

- A relevancia do obxecto de estudo, os problemas expostos ou as actividades propostas para avanzar no coñecemento e a comprensión dentro do seu campo.
- Os resultados esperados e a súa contribución ao coñecemento científico, determinando si os obxectivos e as hipóteses da tese son coherentes e permiten alcanzar os resultados esperados.

2. Novidade e orixinalidade. Valorarase:

- A relevancia e a orixinalidade da tese en función do estado da arte da súa área de coñecemento. Avaliarase se existen na tese modificacións de procesos existentes, unha hipótese, concepto ou método, obxectivo ou solucións innovadoras ao problema exposto.
- Se a tese presenta unha síntese do contexto xeral (nacional e internacional) no cal se sitúa o tema ou hipótese, valórese a exposición do estado actual do coñecemento do problema, dos puntos débiles que existen e do baleiro que se quere cubrir coa tese.

3. Metodoloxía e resultados. Valorarase:

- A organización da tese en termos dos obxectivos propostos e os recursos para executalos (duración, metodoloxía e recursos utilizados).
- O alcance dos resultados obtidos e a súa coherencia cos obxectivos e/ou hipóteses expostas.

4. Estrutura, formato e redacción. Valorarase:

- A corrección ortográfica, claridade e calidade da linguaxe utilizada.
- O uso de vocabulario técnico preciso.
- O uso axeitado da bibliografía, así como o uso de bibliografía relevante e actualizada.
- A utilización axeitada do método científico (si é o caso).
- A calidade das táboas e figuras utilizadas.

RECOMENDACIÓN SOBRE A DEFENSA DA TESE DOUTORAL

Informe favorable á defensa pública

Informe favorable á defensa pública, condicionado a que o/a candidato/a realice as modificacións indicadas no informe a continuación

Informe desfavorable á defensa pública. O traballo require as modificacións substanciais indicadas no informe a continuación

COMENTARIOS ESPECÍFICOS E RECOMENDACIÓN (*).

No caso de informe favorable condicionado especifíquense as correccións necesarias, con indicación do prazo fixado á persoa doctoranda para a presentación das alegacións e/ou modificacións solicitadas, que non poderá exceder o tres meses.

(*) Si o espazo é insuficiente, por favor achegue os seus comentarios como documento anexo.

Data:

Sinatura: O avaliador/a

Vº Bº O/A coordinador/a do programa de doutoramento

PARECER DE AVALIAÇÃO DA TESE DE DOUTORAMENTO

DOUTORANDO/A					
APELIDOS				NOME	
TÍTULO DA TESE					
AVALIADOR/A					
APELIDOS			NOME		
			DNI/Passaporte/ID		
Universidade/Instituição				País	

AVALIAÇÃO DA DISSERTAÇÃO

Por favor, avalie se os quatro aspetos seguintes deste parecer de tese de doutoramento estão adequadamente cumpridos, assinalando SIM ou NÃO, conforme apropriado. **Se algum dos aspetos estiver marcado como NÃO, deverá ser adicionada uma explicação fundamentada e detalhada no espaço da página seguinte.**

SIM NÃO

1. Qualidade científica, técnica, jurídico-social, humanística ou artística, conforme a matéria. Os seguintes aspetos devem ser objeto de avaliação:

- A relevância do objeto de estudo, bem como a pertinência dos problemas abordados e das atividades propostas, no que diz respeito ao avanço do conhecimento e à compreensão na área específica.
- Os resultados esperados e a sua contribuição para o conhecimento científico, analisando se os objetivos e as hipóteses da tese são coerentes e se permitem alcançar os resultados delineados.

2. Novidade e originalidade. Os seguintes aspetos devem ser objeto de avaliação:

- A relevância e originalidade da tese em relação ao estado da arte na sua área académica. Deve-se considerar se a tese introduz modificações em processos existentes, propõe novas hipóteses, conceitos, métodos, objetivos ou soluções inovadoras para o problema abordado.
- A forma como o texto apresenta uma síntese do contexto geral (nacional e internacional) em que se insere o tema ou hipótese, incluindo uma exposição do estado atual do conhecimento sobre o problema. É importante avaliar se a tese identifica os pontos fracos existentes e assinala a lacuna que pretende preencher.

3. Metodologia e resultados/constatações. Os seguintes aspetos devem ser objeto de avaliação:

- A organização da tese em relação aos objetivos propostos, bem como a adequação dos recursos utilizados para alcançá-los, incluindo o prazo, a metodologia e os instrumentos aplicados.
- A abrangência dos resultados obtidos e a sua coerência com os objetivos e/ou hipóteses apresentados..

4. Estrutura, formato e redação. Os seguintes aspetos devem ser objeto de avaliação:

- A correção da ortografia, bem como a clareza e a qualidade da linguagem utilizada.
- O uso de vocabulário técnico preciso e adequado à área de estudo..
- A utilização apropriada de bibliografia, incluindo a relevância e atualização das fontes consultadas.
- A aplicação rigorosa a do método científico, quando pertinente..
- A qualidade das tabelas e figuras utilizadas

RECOMENDAÇÃO SOBRE A DEFESA DA TESE DE DOUTORAMENTO

O parecer é favorável à realização da defesa pública da tese.

O parecer é favorável à defesa pública, condicionado à realização das modificações abaixo indicadas pelo/a candidato/a.

O parecer é desfavorável à defesa pública, uma vez que o trabalho requer modificações substanciais, conforme detalhado abaixo.

COMENTÁRIOS E RECOMENDAÇÕES ESPECÍFICAS (*)

No caso de parecer favorável com condições, devem ser especificadas as correções necessárias. É importante indicar o prazo fixado para que a/o doutoranda/o apresente as alegações e/ou modificações solicitadas, o qual não deverá exceder três meses.

(*) Caso o espaço disponível seja insuficiente, por favor anexe os seus comentários num documento em separado.

Data:

Assinatura: O/A avaliador/a

Vº Bº O/A Coordenador/a do Programa de Doutoramento

SOLICITUDE DE BAIXA DO PROXECTO DE TESE DE DOUTORAMENTO

DOCTORANDO/A			
APELIDOS			
NOME		Correo electrónico	
Tipo identificación		Número identificación	

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO (PD)	
NOME	

Solicita a baixa do proxecto de tese:	
TÍTULO:	

Data:

Sinatura: O/A doutorando

Sinatura: O/A director/a (1)

Sinatura: O/A director/a (2)

Sinatura: O/A titor/a

A CUBRIR POLA CAPD

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento en

AUTORIZA a presente solicitude de baixa de proxecto de tese.

Data:

Sinatura: O/A Coordinador/a do Programa de Doutoramento